

INFORMACIÓN AOS MEDIOS**AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA HOXE, VENRES, 11 DE SETEMBRO DE 2026****PRESIDENCIA****LUGO**

12,00 h.- O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, acompañado pola conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, participará na inauguración de tres novas fase de ampliación do parque empresarial das Gándaras.

TURISMO DE GALICIA**DROGHEDA (Irlanda)****Convocatoria en hora local, 12,00 h en Galicia**

11,00 h.- O comisario do Xacobeo 2027, Marcos Gómez Román, asistirá á inauguración dunha mouteira no Camiño Boyne Valley, en recoñecemento ao labor realizada para volver conectar Drogheda e Galicia.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA**SANTIAGO DE COMPOSTELA**

10,30 h.- A delegada da Xunta na Coruña, Belén do Campo, visitará o curso impartido dentro das accións formativas para desempregados (AFD) en Dobao Imagen Santiago.

12,00 h.- A delegada da Xunta na Coruña, Belén do Campo; a directora da Axencia Galega de Innovación, Carmen Coteló; e o xerente do Servizo Galego de Saúde, Luis León Mateos, asistirán ao acto académico inaugural do curso 2026-2027 da Universidade de Santiago de Compostela.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE FERROL**FERROL**

20,00 h.- A delegada da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, asistirá á inauguración das Festas da Parrocheira.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n – 15704 Santiago de Compostela
T. 981 541 238/42/51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

PONTEVEDRA

11,30 h.- O delegado da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, participará na inauguración da 13ª edición do Espazo de Emprendemento Pont-Up Store 2026.

Posteriormente, **ás 16,30 h,** a directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, Marta Mariño, e o director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, participarán na mesa redonda sobre iniciativas de apoio ao emprendemento.

POIO (Pontevedra)

18,30 h.- O delegado da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, participará na presentación da temporada 26/27 do Poio Pescamar F.S.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE VIGO

VIGO

10,00 h.- A delegada da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, reunirase cos responsables do colectivo Cada Neno un Xoguete.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CULLEREDO (A Coruña)

10,30 h.- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo,** acompañado do secretario xeral para o Deporte, Roberto García, visitará as actuacións levadas a cabo no complexo deportivo de Acea de Ama no marco da primeira fase da reforma das instalacións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n – 15704 Santiago de Compostela
T. 981 541 238/42/51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

PONTEVEDRA

9,15 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, acompañada do delegado da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, visitará a biofábrica de Ence para coñecer os seus proxectos de recirculación e rexeneración da auga.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

SAN CAETANO

10,00 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, acompañado pola directora xeral de FP, Eugenia Pérez, recibirá a delegación de alumnos galegos que participará nas olimpíadas de mundiais de Formación Profesional en Shanghái.

PONTEVEDRA

12,30 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, acompañado pola directora xeral de FP, Eugenia Pérez, visitará o alumnado dos ciclos formativos do Centro Integrado de Formación Profesional A Xunqueira.

PONTEVEDRA

21,15 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, acompañado pola directora xeral de Formación Profesional, Eugenia Pérez, asistirá ao partido entre o Monbus Obradoiro e o Valencia Basket no marco do XI Torneo EncestaRías.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

O CARBALLIÑO (Ourense)

10,45 h.- A directora xeral de Persoas con Discapacidade, Begoña Abeijón, visitará os usuarios do campamento de verán *Aventura na natureza*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n – 15704 Santiago de Compostela
T. 981 541 238/42/51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

NIGRÁN (Pontevedra)

13,00 h.- A directora xeral de Persoas con Discapacidade, Begoña Abeijón, saudará aos participantes do campamento *Natureza xunto ao mar*.

XERMADE (Lugo)

14,30 h.- O xerente do Consorcio Galego de Servizos de igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, participará na XXI Festa das Persoas Maiores de Xermade.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

FERROL

10,15 h.- O director xeral de Planificación Enerxética e Minas, Pablo Fernández Vila, participará na inauguración da *V Xornada sobre hidróxeno verde en Galicia – H₂GAL 2026*.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

FERROL

10,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, xunto á delegada da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, asistirá ao sorteo para a adxudicación en alugueiro de 48 vivendas de promoción pública no barrio do Bertón.

NARÓN (A Coruña)

12,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, xunto á delegada a Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, supervisará o inicio das obras da conversión en vivendas de locais.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

VIGO

11,00 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, acompañado da delegada da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, coñecerá a nova unidade móbil de resonancia magnética do Sergas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

FARO (Portugal)

Convocatoria en hora local, 17,20 h. en Galicia

16,20 h.- O secretario xeral da Lingua, Valentín García, participará no acto de clausura do *Colóquio Internacional Paisagem, Representação, Perceção e Identidade*, organizado polo Centro de Estudos Galegos da Universidade do Algarve.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

18,00 h.- O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, asistirá á estrea da reposición de *A Serie Clopen* do Centro Dramático Galego.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

SANTIAGO DE COMPOSTELA

10,30 h.- O director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, participará na **rolda de prensa** de presentación da segunda edición do mercado *Artesanamente*.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

RIBADEO (Lugo)

12,00 h.- A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, participará no acto de inicio do curso escolar no Centro de Formación e Experimentación Agraria (CFEA) Pedro Murias.

SOBER (Lugo)

17,00 h.- A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, acompañada polo director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte, visitará un viñado da adega Don Bernardino.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n – 15704 Santiago de Compostela
T. 981 541 238/42/51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

PARLAMENTO

10,30 h.- O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte, comparecerá, a petición propia, na Comisión 7ª para dar conta da planificación da formación agraria en Galicia para 2027 e o balance da actividade desenvolvida pola Consellería do Medio Rural no 2026.

A continuación, responderá unha pregunta relacionada co seu departamento, como tamén o fará o director xeral de Defensa do Monte, Manuel Francisco.

O ROSAL (Pontevedra)

12,30 h.- O director xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria, Juan José Cerviño, participará na mesa redonda sobre a resposta desde as políticas públicas en España e Galicia dentro do *II Foro Rural Terras Gauda. O sector agroalimentario galego no novo contexto do comercio internacional*.

CONSELLERÍA DO MAR

RIBEIRA (A Coruña)

13,30 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, clausurará a V Xornada Técnica de Pesca de Ribeira.

Previamente, **ás 9,30 h.**, o director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, Isaac Rosón, inaugurará o encontro.

RIANXO (A Coruña)

18,00 h.- A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Ángeles V. Suárez, asistirá ao acto de inauguración do acondicionamento do local da antiga Confraría de Rianxo.

Saúdos do Gabinete de Comunicación da Xunta de Galicia

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n – 15704 Santiago de Compostela
T. 981 541 238/42/51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal